

Cuestionario sobre o vídeo: “A Peste Negra en 10 minutos

1. Que fenómeno climático fixo que a poboación europea fose máis débil e vulnerable antes da peste?

- A) Unha gran seca que durou cincuenta anos.
- B) Unha "pequena idade de xeo" que provocou que as colleitas fosen peores.
- C) Unha serie de inundacións que destruíron todas as cidades costeiras.

2. Con que outra gran plaga da historia se compara a magnitude da Peste Negra?

- A) Coa plaga do emperador romano Justiniano no século VI.
- B) Coa gripe española que ocorreu na época dos romanos.
- C) Coas epidemias que trouxeron os barcos de Cristovo Colón.

3. Que explicación científica (aínda que hoxe sabemos que era falsa) daban os estudosos da Sorbona?

- A) Que a culpa era dun terremoto en Italia que liberou gases do inferno.
- B) Que se debía á aparición de eclipses e á aliñación de determinados planetas.
- C) Que se transmitía simplemente por mirarse fixamente aos ollos.

4. Cal é o verdadeiro proceso de transmisión da enfermidade segundo o vídeo?

- A) Transmitíase a través da auga contaminada polos barcos mongois.
- B) A bacteria *Yersinia Pestis* pasaba das ratas ás persoas a través da picadura das pulgas.
- C) Era unha enfermidade que só se transmitía por comer carne de porco en mal estado.

5. Canto tempo pasaba desde que a persoa se infectaba ata que aparecían os primeiros síntomas (incubación)?

- A) Entre 16 e 23 días.
- B) Menos de 24 horas.
- C) Exactamente un mes.

6. Cal das variantes da peste era a que afectaba ao sangue e provocaba manchas escuras na pel?

- A) A peste neumónica.
- B) A peste septicémica.
- C) A peste bocal.

7. Que estratexia militar usou o exército mongol no asedio á cidade de Caffa?

- A) Cortaron a subministración de auga para que a xente morrese de sede.
- B) Lanzaron corpos de vítimas da peste con catapultas por enriba das murallas.
- C) Queimaron todos os barcos dos comerciantes que estaban no porto.

8. Por que os comerciantes xenoveses espallaron a peste por o resto de Europa?

- A) Porque venderon teas infectadas en todos os mercados do Mediterráneo.
- B) Porque fuxiron de Caffa nos seus barcos levando ratas infectadas coa bacteria.
- C) Porque o Papa lles ordenou levar a enfermidade aos países que non eran católicos.

9. Que porcentaxe da poboación europea se calcula que morreu a causa da plaga?

- A) Só o 5% da poboación das grandes cidades.
- B) Entre o 30% e o 40% dos europeos, chegando ao 60% nalgúñas zonas.
- C) Case o 95%, quedando Europa practicamente deserta.

10. Como afectou a falta de man de obra ao sistema feudal e aos traballadores?

- A) Os salarios baixaron moito porque non había ninguén que quixese traballar.
- B) O sistema feudal veuse abaixo, os salarios aumentaron e os campesiños melloraron a súa vida.
- C) Os nobres fixéronse máis ricos porque agora tiñan máis terras para eles sós.

Capítulo 6: Reaccións, Relixión e Arte

11. A que grupo social se utilizou como "chivo expiatorio" e se acusou de envenenar pozos?

- A) Aos médicos de Marsella.

- B) Aos xudeus, que sufriron matanzas chamadas pogromos.
- C) Aos flagelantes que percorrían as cidades.

12. Que cambio de pensamento importante provocou esta gran mortalidade?

- A) A xente deixou de crer en calquera cousa e abandonaron as cidades.
- B) Deixouse de pensar que Deus era o centro de todo e o ser humano pasou a selo (paso ao Renacemento).
- C) Prohibiuse a arte e a ciencia durante máis de douscentos anos.

13. Por que hoxe en día a peste xa non é unha ameaza tan terrible como no século XIV?

- A) Porque as ratas e as pulgas desapareceron do mundo enteiro.
- B) Porque os seres humanos somos inmunes á bacteria de forma natural.
- C) Porque hoxe en día a peste cúrase con antibióticos.

14. En que lugares do mundo se seguiron detectando casos ou brotes de peste en tempos recentes?

- A) Só en Islandia e Finlandia, que antes se librarian.
- B) En zonas de Estados Unidos (como Arizona ou California) e en África (Madagascar).
- C) Unicamente nos laboratorios de alta seguridade de China.

Pregunta de Conclusión: O vídeo remata cunha mensaxe sobre a capacidade do ser humano para enfrontarse ás crises. Explica coas túas palabras cal é ese "**dato esperanzador**" que menciona o narrador ao final e como cres que axuda a entender a historia das pandemias.